



Milladoiro, 12 de setembro de 2018

Queridas familias:

Dende a ANPA queremos darvos a benvida a un novo curso escolar e aproveitamos para convocaros a unha Asamblea Xeral Ordinaria o vindeiro **luns día 17 de setembro**, ás 17:45 en primeira convocatoria e 18:00 en segunda convocatoria, na escola onde poderedes entre outras cousas aproveitar para resolver as dúbidas que teñades sobre as actividades extraescolares.

A orde do día será a seguinte:

1. Presentación das actividades extraescolares para o curso 2018/2019
2. Resumo anual de actividade da ANPA
3. Elección de membros para a Xunta Directiva
4. Rogos e preguntas

Como ben sabedes a ANPA é unha parte fundamental do funcionamento da escola xa que permite canalizar a intervención dos pais e nais no centro, garantir o dereito á información e organizar actividades para todos os nenos e nenas da escola como son as actividades extraescolares, a festa de Entroido e o festival de fin de curso.

É moi importante que asistades á Asamblea para aportar o voso punto de vista. Queremos fomentar a participación de tódolos socios na toma de decisións, así como facilitar que poidades propoñer actividades e colaborar nas que se organicen.

En calquera caso, sempre estaremos encantados de recibir as vosas propostas e suxerencias a través do noso email millapeques@gmail.com.

Tamén vos lembramos que **a partires de hoxe está aberto o prazo para que vos poidades inscribir nas actividades extraescolares ata o próximo venres día 21 de setembro.** Atoparedes máis información sobre as mesmas no Facebook e na páxina web da ANPA así como na cristaleira da escola.

Día	Actividade	Hora	Mínimo	Máximo	Prezo Socios
Luns	Psicomotricidade (Itos)	16:10-17:10 (4º curso) 17:15-18:15 (5º curso) 18:20-19:20 (6º curso)	8	14	20€/mes
Martes	Música (Vagalume)	16:25-17:25	10	25	16€/mes
Martes	Natación (Cabezolo)	16:30-17:15	6/8	25	27€/mes
Mércores	Baile Moderno (Vagalume)	16:25-17:25	10	25	16€/mes
Venres	Inglés (Kith)	16:25-17:25	10/12	30	18€/mes

Todos sodes benvidos dentro da ANPA e **animámosvos a asociarvos utilizando o formulario que acompaña a esta carta.**

Atentamente,

A Xunta Directiva da ANPA